

Organiza
Consello da Cultura Galega

Coordinación da itinerancia
Emilia García López

Colabora
Xunta de Galicia. Secretaría Xeral
da Emigración
Museo de Pontevedra

Revisión lingüística
Begoña Tajés Marcote
Paulo Vilar Millán

Comisaria
Ofelia Rey Castelao

Revisión do deseño
José Manuel Lens

Coordinación
Prudencio Viveiro Mogo

Diseño
Era Comunicación

Textos e documentación
Pilar Cagiao Vila
Beatriz Castro Díaz
Francisco Cebreiro Ares
Pablo Nogueira Santiago
Ofelia Rey Castelao
Anxo Rodríguez Lemos
José Manuel Vázquez Lijó

Producción
Escenaset

INVENTIO MUNDI

GALICIA NAS VIAXES TRANSOCÉANICAS SÉCULOS XV - XVII

Fundación Barrié, A Coruña



O 6 de setembro de 1522 era un día calquera no porto gaditano de Sanlúcar de Barrameda, pero a chegada da nao *Victoria*, na que viñan Juan Sebastián Elcano e dezasete homes, cambiaría o rumbo da historia. Non sería fácil crelos cando dixeron “dimos la vuelta al mundo entero”, despois de percorrer “catorce mil cuatrocientas sesenta leguas”. Pero era certo: por Sanlúcar pasaran eses homes, únicos superviventes dos que saíran de Sevilla o 10 de agosto de 1519 na frota de Fernando de Magalhães, navegante portugués ao servizo da monarquía hispana. Morto en Mactán en 1521, Magalhães non chegou a saber que a súa idea de chegar ás illas Molucas ou illas da Especiaria indo polo oeste cara ao océano Pacífico, sen ter que entrar na parte do mundo reservada a Portugal no Tratado de Tordesillas en 1494, rematara na maior aventura humana ata entón: a circunnavegación do noso planeta.



Escudo da familia Mariño de Lobeira (Pontevedra), participantes da conquista de Chile



A armada de García Jofre de Loaysa saíndo da Coruña cara ás Molucas en 1525 (Arquivo Municipal da Coruña, litografía de 1854)

Vista de Baiona por Pedro Grolliez y Servier




Mapa do Pacífico de Abraham Ortelio, onde se aprecian as illas Salomón. Século XVII. Biblioteca Xeral da USC



Álvaro de Mendaña, Adelantado das illas Salomón. Arquivo Municipal da Coruña

Deitada fronte ao mar, soñando os camiños de occidente... A posición atlántica de Galicia é fundamental para comprender a especificidade da cultura galega, pouso milenario dunha comunidade establecida neste *Finis Terrae* europeo, ás portas de todos os camiños do mar e ao cabo dunha rede de camiños terrestres que andou a humanidade desde moito antes da *inventio* xacobea.

Neste contexto hai que comprender a exposición que presentamos, *Inventio Mundi*, na súa dobre condición de traer á memoria unha parte importante da historia de Galicia e de homenaxear aos esforzados navegantes galegos que abriron os camiños do mar, atopasen ou non gloria na empresa. A piques de comezar as conmemoracións da circunnavegación da Terra, coa expedición de Magalhães-Elcano (1519-1522), esta exposición quere lembrar a posición de Galicia na altura e a contribución dos galegos nas expedicións exploratorias producidas nos primeiros séculos da Idade Moderna, así como o eco destas vivencias no imaxinario literario contemporáneo. De aí o subtítulo, *Galicia nas viaxes transoceánicas. Séculos XV-XVII*.



Portada da edición de 1621 da *Relación del viaje a la Tierra de Fuego* dos irmáns Nodal, deseñada por Jean de Courbes e impresa por Fernando Correa de Montenegro